



ESTRATEGIA DA PAISAXE GALEGA



XUNTA
DE GALICIA

PLANIFICACIÓN
2017-2020

XUNTA DE GALICIA

Equipo de redacción:

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Instituto de Estudos do Territorio

Inés Santé Riveira

Alfredo Fernández Ríos

José Luis Álvarez Vicente

Colaborador:

Francisco García Fernández

Edita:

Xunta de Galicia

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Santiago de Compostela, 2017

Depósito Legal: C-1155-2017

1. **Introdución**
 - 1.1. A Lei de protección da paisaxe de Galicia e a Estratexia da Paisaxe Galega
2. **Antecedentes: balance da planificación 2014-2016**
 - 2.1. Atlas das paisaxes de Galicia
 - 2.2. A colección Paisaxe Galega
 - 2.3. Sensibilización, formación e divulgación da paisaxe
3. **Obxectivos xerais**
4. **Plan operativo**
 - OX01. A gobernanza da paisaxe
 - OX02. A elaboración de ferramentas específicas para a xestión da paisaxe
 - OX03. A mellora e potenciación dos valores paisaxísticos
 - OX04. A formación, divulgación e concienciación en materia de paisaxe

1.

INTRODUCCIÓN

A paisaxe é definida no preámbulo do Convenio Europeo da Paisaxe como *“calquera parte do territorio tal e como a percibe a poboación, cuxo carácter é o resultado da acción e a interacción de factores naturais e/ou humanos”*. A partir desta definición, o concepto de paisaxe adquire relevancia como factor importante para a calidade de vida da cidadanía, pola súa amalgama de valores culturais, medio ambientais ou socioeconómicos. Débese destacar o valor da paisaxe como motor de desenvolvemento económico, tanto por constituír un recurso para diferentes actividades económicas, como o turismo, como polo feito de que a calidade paisaxística dun territorio atrae inversións, empresas e novos residentes ao mesmo.

A paisaxe pode ser entendida como o marco no que inserir a análise territorial, xa que constitúe unha dimensión básica para a comprensión do territorio e de como ten sido a relación histórica dos habitantes con este. Por este motivo a cidadanía debe xogar un papel activo na definición das políticas públicas sobre a paisaxe, fundamentando a toma de decisións en procesos de participación pública que contribúan á captura do coñecemento local, á identificación de cuestións sensíbles, á xestión de conflitos, á democratización e lexitimación dos procesos, ao intercambio de información e, en definitiva, a asegurar a heteroxeneidade e a incorporación dos diferentes puntos de vista.

Por outra banda, hai que ter en conta que todas as paisaxe merecen atención, desde aquelas ás que socialmente se lles outorga un gran valor ata as que se atopan degradadas ou en risco de degradación. Entre estes dous extremos existen paisaxes comúns, frecuentes e habituais, que tamén deben ser xestionadas, ordenadas e protexidas.

Ademais, a consideración da paisaxe nas diversas políticas públicas implica unha visión holística e integradora, e debe ter en conta o carácter dinámico da paisaxe, polo que as políticas e os instrumentos para a súa xestión deben ser abertos e flexíbles. ■



1.1.

A Lei de protección da paisaxe de Galicia e a Estratexia da Paisaxe Galega

O Convenio Europeo da Paisaxe (Florença, 20 de outubro de 2000) supuxo o punto de partida para a o recoñecemento xurídico da paisaxe e da súa relevancia en relación á ordenación e xestión territorial. A paisaxe pasou a ser un ben público que abrangue todo o territorio e un dereito da cidadanía como compoñente da calidade de vida a través dos seus valores naturais, estéticos, patrimoniais e produtivos.

España ratificou o Convenio Europeo da Paisaxe o 26 novembro de 2007. Unha vez entrou en vigor, o 1 de marzo de 2008, a lexislación relativa a paisaxe non se fixo agardar en Galicia, que no contexto do seu marco de competencias, dotouse cunha lei propia: Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

A Xunta de Galicia entende a paisaxe como unha cuestión esencial na procura da cohesión social. Para elo adquiriuse o compromiso político de definir unha política eficiente en materia de paisaxe, establecendo un marco xurídico propio. Este marco normativo incluíu a consideración da paisaxe na ordenación territorial e urbanística, contribuíndo a preservar os seus valores e afrontando o reto de integrala nas diversas políticas sectoriais desde un enfoque transversal, no que a paisaxe é un punto de partida fundamental. Deste xeito recoñécese a adecuada xestión e ordenación da paisaxe como un factor fundamental para a competitividade dun territorio, ao incidir directamente na súa mellora económica, turística, ambiental, cultural e social.

A Lei 7/2008 pasou a exercer as súas competencias de xeito inmediato a través de informes no procedemento de avaliación de impacto ambiental de proxectos e de avaliación ambiental estratéxica de plans. Sen embargo, o capítulo III desta lei regula un abanico máis amplo de instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe de Galicia, que inclúe:

- a) catálogos da paisaxes
- b) directrices de paisaxe
- c) estudos de impacto e integración paisaxística
- d) plans de acción da paisaxe

Por outra banda, no marco do desenvolvemento desta lei, trazouse a Estratexia da Paisaxe

Galega, que desde o ano 2011 ata a actualidade está levando a cabo a Xunta de Galicia a través do Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. A primeira Estratexia da Paisaxe Galega púxose en marcha en agosto de 2011, como un conxunto de accións e medidas para integrar a paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, así como nas políticas ambientais, culturais, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais, económicas e en calquera outra política sectorial que puidera producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.

A Estratexia da Paisaxe Galega está constituída por un conxunto de actuacións que teñen como fin último a integración da paisaxe nas diversas políticas públicas, mantendo os princi-

pios esenciais do Convenio Europeo da Paisaxe e o marco normativo da Lei 7/2008, sempre co obxectivo de ordenar, protexer e xestionar as paisaxes galegas e cunha clara vocación de sensibilización e divulgación. Esta estratexia esixe que as diversas políticas sectoriais garantan as seguintes máximas:

1. Protección da paisaxe: conservación dos seus elementos configuradores e característicos, sexan naturais ou antrópicos, materiais ou inmateriais.
2. Xestión da paisaxe: mantemento da paisaxe dentro dun modelo sustentable de usos do territorio.
3. Ordenación da paisaxe: intervención nas paisaxes que precisan mellora, sendo a

restauración e a rexeneración conceptos claves nestes procesos.

No ano 2014 levouse a cabo unha actualización desta estratexia -Estratexia da Paisaxe Galega. Planificación 2014-2016- que introduce como principal novidade a elaboración do Atlas das paisaxes de Galicia, no que se acomete a realización conxunta dos catálogos de todas as grandes áreas paisaxísticas nun só Catálogo das paisaxes de Galicia.

Transcorrido este período e acadados gran parte dos obxectivos previstos, preséntase unha nova planificación desta Estratexia para o período 2017-2020, coa que se pretende dar continuidade a algunhas das accións iniciadas nos períodos anteriores, así como establecer novos obxectivos e iniciar novas liñas de actuacións. ■

2.

ANTECEDENTES: BALANCE DA PLANIFICACIÓN 2014-2016

Para o desenvolvemento da estratexia neste período formulouse un plan operativo organizado nos seguintes obxectivos xerais coas súas correspondentes liñas operativas:

OX.01. Identificar e caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe de Galicia cara a súa protección e xestión. Incluíu como principal liña operativa a aprobación do Atlas das paisaxes de Galicia.

OX.02. Potenciar a integración e consideración da paisaxe na acción do Goberno. Para acadar este obxectivo establecíanse dúas liñas operativas relativas á elaboración de ferramentas de referencia, como poden ser as guías e manuais da Colección Paisaxe Galega sobre boas prácticas e criterios de integración paisaxística para as diferentes políticas territoriais ou

sectoriais, e á integración nos instrumentos de acción ou execución dos criterios para a mellora e recuperación da paisaxe.

OX.03. Avanzar na formación técnica e profesional en particular, e na concienciación social en xeral. Incluíu liñas operativas no eido da educación, o voluntariado e a divulgación e concienciación.



2.1

Atlas das paisaxes de Galicia

O *Atlas das Paisaxes de Galicia*, definido como o conxunto do *Catálogo das paisaxes* e as *Directrices de paisaxe de Galicia* ten como obxectivo fundamental a identificación e caracterización dos valores e as potencialidades da paisaxe cara a súa protección e xestión. Este Atlas constitúese como referencia para a caracterización e valoración da paisaxe galega, incluíndo, nun primeiro lugar, o Catálogo das paisaxes de Galicia, que comprende a realización

conxunta dos catálogos de todas as grandes áreas paisaxísticas, e que serve de base para as Directrices de paisaxe. Estas Directrices establecen as determinacións que definen e precisan para cada unidade de paisaxe os obxectivos de calidade paisaxística que se pretenden acadar, así como as normas e recomendacións para a integración destes obxectivos nos plans urbanísticos e sectoriais, así como nas estratexias rexionais ou locais.

Tal e como establecen as Directrices de ordenación do territorio, “os catálogos e directrices de paisaxe, considerados no seu conxunto, concíbense como un instrumento normativo complementario aos instrumentos de ordenación do territorio, por canto achegan uns obxectivos e disposicións baseados nas relacións funcionais de todos os elementos estratéxicos do territorio e contribúe a unha gobernanza máis participativa”.



PAISAXES DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Catálogo das Paisaxes de Galicia

A Lei 7/2008, conforme ás disposicións do Convenio Europeo da Paisaxe, establece como un dos instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe os catálogos da paisaxe, aos que atribúe as funcións de delimitación das grandes áreas paisaxísticas de Galicia e de identificación dos tipos de paisaxes existentes en cada unha delas, así como das súas características diferenciais. O Catálogo das paisaxes de Galicia pretende sentar as bases para a xestión da paisaxe, establecendo criterios e metodoloxías. Un obxectivo adicional é a concienciación e sensibilización da sociedade, así como a posta en valor da paisaxe galega, contribuíndo a unha cultura e coñecemento da poboación sobre a paisaxe.

A elaboración do Catálogo iniciouse en xuño de 2015 coa sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a través do Instituto de Estudos do Territorio e a Universidade de Santiago de Compostela a través do grupo de

investigación Territorio e Biodiversidade. Desde o inicio dos traballos concedeuse unha grande importancia á participación cidadá que, se ben é fundamental en calquera proceso de planificación territorial, aínda o é máis no caso da paisaxe, debido á propia definición da mesma como calquera parte do territorio tal e como é percibida pola poboación. Por este motivo, trátouse de implicar aos cidadáns desde unha etapa temperá do proceso, facendo ademais uso das novas tecnoloxías co fin de incrementar a capacidade da poboación para expresar as súas opinións e perspectivas sobre a paisaxe.


Unha das principais actividades desenvolvidas dentro deste proceso de participación pública foron os doce talleres realizados no núcleo de poboación de maior tamaño de cada Grande Área Paisaxística, abertos a toda a cidadanía e aos que se convidou a 1.171 axentes vinculados directamente á xestión da paisaxe. Ademais, realizáronse oito talleres específicos e nove visitas a centros ou asociacións. O número total de

participantes nos talleres foi de 377, incluíndo membros de 121 asociacións ou entidades vinculadas á paisaxe. A información recollida nestes talleres completouse coa obtida a través da plataforma web, na que se rexistraron 584 usuarios. A través dos talleres e da web os cidadáns identificaron un total de 2.096 lugares de interese paisaxístico, 407 áreas degradadas e 995 valores paisaxísticos.

Como base para a estruturación do catálogo partiuse do Mapa das Grandes Áreas Paisaxísticas de Galicia que divide o territorio galego en 12 grandes áreas e 50 comarcas paisaxísticas e dunha metodoloxía sustentada na premisa básica de acadar un procedemento xustificado cientificamente, facilmente reproducible, eficiente, participativo e dinámico. Con este fin buscou a combinación do coñecemento técnico e científico, dos aportes do panel de expertos e da opinión da cidadanía recollida a través do proceso de participación pública.

O coñecemento científico resultou fundamental para a identificación dos tipos de paisaxe e a delimitación cartográfica das unidades de paisaxe, que foi realizada mediante un método semiautomático baseado nun algoritmo de clasificación supervisada de patróns espaciais de uso do solo e na superposición do seu resultado con información de relevo e bioclima. Esta metodoloxía deu lugar a un mapa de unidades de paisaxe constituído por 28.350 unidades pertencentes a 258 tipos de paisaxe diferentes, resultantes da combinación de cinco clases de rexións xeomorfolóxicas (relevo), trece clases de cuberta do solo e cinco clases de termotipos (bioclima).


Outros contidos do catálogo son a caracterización das unidades de paisaxe en función do patrimonio cultural, o inventario de valores paisaxísticos ou a análise de visibilidade, que inclúe a determinación das zonas de maior exposición visual e da visibilidade desde as zonas de maior potencial de vistas, así como a creación dun inventario de 472 miradoiros.



1. Serras Orientais 1.1 Os Arcares - A Fonsagrada 1.2 O Courel, O Baro e Somo-Trascastelo	4. Chairas, Fosas e Serras Ourenás 4.1 Alto Arcares 4.2 Alta Limia 4.3 Baixa Limia 4.4 Baixo Arcares 4.5 Verín	7. Galicia Central 7.1 Terra de Ourense 7.2 Terra de Santiago - A Gallaia 7.3 Terra de Melillo - Arcares 7.4 A Ulloa 7.5 Orosa 7.6 Tabeirós 7.7 Terra de Melillo - Alto Lameiro 7.8 O Carballido	8. Ríos Baixos 8.1 Mura 8.2 Arcares - Baixo Ulloa 8.3 Ulla - O Baro 8.4 Pousa-verín 8.5 Baixo Lameiro 8.6 Vigo Litoral 8.7 Vigo Praiteiro	10. Golfo Ártabro 10.1 Golfo Ártabro Litoral 10.2 Golfo Ártabro Interior 10.3 Golfo Ártabro Praiteiro 10.4 Golfo Ártabro Praiteiro
2. Serras Surorientais 2.1 Terra de Tines 2.2 Terra do Bolo 2.3 A Gallaia - Riba	5. Ribeiras Encasteladas do Miño e do Sil 5.1 Valdeorras 5.2 Ribeira Baixa Silveira 5.3 Ribeira Baixa Miño 5.4 Foz de Ourense 5.5 O Ribeiro	9. Serras Surorientais 9.1 Terra de Ourense 9.2 Terra de Melillo - Arcares 9.3 Terra de Melillo - Arcares 9.4 Terra de Melillo - Arcares 9.5 Terra de Melillo - Arcares 9.6 Terra de Melillo - Arcares 9.7 Terra de Melillo - Arcares 9.8 Terra de Melillo - Arcares	11. Serras Surorientais 11.1 Riba Alta Lameiro 11.2 Riba Alta Interior 11.3 Serras e Fosas Setentrionais	12. A Mariña - Baixo Eo 12.1 A Mariña - Baixo Eo Litoral 12.2 A Mariña - Baixo Eo Interior
3. Chairas e Fosas Luguesas 3.1 A Terra Chá 3.2 Lugo 3.3 Salla - Terra de Lameiro 3.4 Terra de Chantada	6. Costa Sur - Baixo Miño 6.1 Costa Sur - Baixo Miño Litoral 6.2 Baixo Miño Interior 6.3 O Condado - A Parada	13. Chairas, Fosas e Serras Ourenás 13.1 Terra de Ourense 13.2 Terra de Melillo - Arcares 13.3 Terra de Melillo - Arcares 13.4 Terra de Melillo - Arcares 13.5 Terra de Melillo - Arcares 13.6 Terra de Melillo - Arcares 13.7 Terra de Melillo - Arcares 13.8 Terra de Melillo - Arcares	14. Chairas e Fosas Ourenás 14.1 Terra de Ourense 14.2 Terra de Melillo - Arcares 14.3 Terra de Melillo - Arcares 14.4 Terra de Melillo - Arcares 14.5 Terra de Melillo - Arcares 14.6 Terra de Melillo - Arcares 14.7 Terra de Melillo - Arcares 14.8 Terra de Melillo - Arcares	15. Serras Surorientais 15.1 Riba Alta Lameiro 15.2 Riba Alta Interior 15.3 Serras e Fosas Setentrionais

Un resultado de especial relevancia é a delimitación de Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP), definidas como aquelas zonas xeográficas nas que concorren diversos e notables valores paisaxísticos. A delimitación das AEIP baseouse nun total de 3.019 lugares de especial interese paisaxístico (2.096 identificados no proceso de participación pública, 731 polo equipo técnico e 192 incluídos na fase de exposición pública), a partir dos cales se delimitaron 211 Áreas de Especial Interese Paisaxístico que abarcan un total de 252.595 ha. Como dato representativo da influencia da participación pública nos resultados do catálogo hai que destacar que en 184 das 211 AEIP a poboación localizou algún lugar de especial interese paisaxístico e que 68 destas AEIP foron identificadas exclusivamente a partir do proceso de participación pública.

Finalmente, a análise das relacións entre as características territoriais e socioeconómicas de cada grande área e os tipos de paisaxe existentes nas mesmas, combinada coa caracterización



dos valores paisaxísticos de cada unha delas, levou á diagnose da orixe e estado actual das paisaxes máis representativas da área.

O Catálogo das paisaxes de Galicia foi aprobado a través do Decreto 119/2016, de 28 de

xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia, no que se establece, entre outras cousas: (i) o procedemento para a actualización e revisión de parte dos seus contidos, (ii) a función do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia neste procedemento e (iii) a coordinación cos plans xerais de ordenación municipal e os instrumentos de ordenación territorial.

O Catálogo supón un fito fundamental para a protección e xestión da paisaxe galega por varios motivos, entre eles: (i) a delimitación das 211 AEIP, que supoñen a protección do 8,54 % do territorio galego como solo rústico de protección paisaxística, (ii) a identificación dos 258 tipos de paisaxe e a delimitación das 28.350 unidades de paisaxe, que permiten a protección, xestión e ordenación da paisaxe de todo o territorio galego ao constituír a base para as Directrices de paisaxe e (iii) o carácter aberto e dinámico deste instrumento, que poderá ser actualizado parcialmente a través dos mecanismos establecidos no Decreto 119/2016.

Directrices de Paisaxe de Galicia



As Directrices de paisaxe son, segundo o artigo 10 da Lei 7/2008, determinacións fundamentais no Catálogo das paisaxes que establecen para cada unidade de paisaxe os obxectivos de calidade paisaxística. A lei tamén establece que os obxectivos de calidade paisaxística deben expresar as aspiracións da cidadanía en canto á valoración e ao grao de compromiso na protección da paisaxe, polo que a determinación destes obxectivos debe partir dun proceso de participa-

ción pública. O proceso de participación pública para a elaboración das Directrices de paisaxe tivo lugar entre febreiro e abril de 2016. Para acadar unha participación pública o máis efectiva posible, leváronse a cabo diferentes tipos de actividades a través de diversos medios: obradoiros presenciais, plataforma web participativa e cuestionarios presenciais e online. Realizáronse 64 obradoiros participativos, un en cada unha das 50 comarcas paisaxísticas e 14 solicitados

por entidades interesadas, nos que participaron un total de 776 cidadáns. A través da plataforma web participaron 882 usuarios, que cubriron 988 enquisas fotográficas e valoraron 2.202 escenas paisaxísticas, para as cales seleccionaron 25.616 medidas de protección, xestión e ordenación da paisaxe entre as propostas e propuxeron 1.399 novas medidas. Estes datos complementáronse coa información obtida dos 1.451 cuestionarios cumprimentados.

A partir dos datos recollidos neste proceso, calculáronse índices de satisfacción e índices de intervención desexada para cada tipo de paisaxe e Grande Área Paisaxística. Os valores destes índices definiron un escenario de protección, xestión ou ordenación para as unidades cun mesmo tipo de paisaxe en cada Grande Área Paisaxística. O escenario resultante dirixiu e condicionou a redacción dos obxectivos de calidade paisaxística para as diferentes unidades de paisaxe e grandes áreas paisaxísticas. Definíronse tamén obxectivos de calidade paisaxística para elementos que poden estar presentes en diferentes tipos de paisaxe, así como para as Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) delimitadas no Catálogo e para os tipos de Ámbitos de Especial Atención Paisaxística (AEAP) definidos no mesmo documento, e finalmente, obxectivos xerais para Galicia.

Ademais, tal e como establece a Lei 7/2008, as Directrices de paisaxe inclúen:

- Os indicadores de calidade paisaxística para o control e seguimento do estado e evolución das unidades de paisaxe.
- Normas e recomendacións para a integración dos obxectivos de calidade paisaxística nos plans urbanísticos e sectoriais, así como nas estratexias rexionais ou locais. Estas determinacións impleméntanse mediante directrices

de carácter vinculante para os instrumentos de planificación sectorial e urbanística. O borrador de directrices de paisaxe, actualmente en tramitación, inclúe:

1. Directrices xerais para a consideración da paisaxe no planeamento urbanístico, noutros instrumentos de ordenación ou xestión do territorio (instrumentos de ordenación e xestión de espazos naturais, de ordenación e xestión forestal e procedementos de reestruturación parcelaria) e directrices para a integración paisaxística das construcións en solo rústico.

2. Directrices para elementos presentes en distintos tipos de paisaxe: infraestruturas enerxéticas e viarias, parques eólicos, bancais, peches, valados, sebes, elementos do patrimonio cultural materiais e inmateriais, polígonos industriais, sendas, Camiños de Santiago, viarios históricos e tradicionais, miradoiros e puntos de observación.

3. Directrices para acadar os obxectivos de calidade paisaxística de cada Grande Área Paisaxística e das diferentes unidades de paisaxe.

4. Directrices para acadar os obxectivos de calidade paisaxística de AEIP e AEAP.

O Consello da Xunta aprobou o 12 de decembro de 2016 o inicio do trámite de avaliación ambiental das Directrices de paisaxe.

2.2

A colección Paisaxe Galega

Tal e como se establecía na planificación 2014-2016, foron elaboradas unha serie de guías de boas prácticas e integración paisaxística co obxectivo de facilitar a labor dos diversos procesos sectoriais vinculados á ordenación, protección e xestión territorial:

- Guía de Estudos de Impacto e Integración Paisaxística (2012): co obxectivo de proporcionar unha metodoloxía que facilite aos profesionais a elaboración de estudos de impacto e integración paisaxística (EIIP).

- Guía de criterios de sustentabilidade e integración paisaxística dos establecementos de acuicultura litoral (2013): coa intención de dotar aos responsables do desenvolvemento do sector acuícola de criterios paisaxísticos de referen-

cia para a localización, deseño e xestión dunha actividade deste tipo.

- Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais (2013): conxunto de recomendacións para as estratexias de ordenación territorial e a integración paisaxística no que se refire á identificación, caracterización e análise dos núcleos rurais. Esta guía trata de axudar á toma de decisións na planificación das diferentes formas de asentamento da poboación que se atopan no medio rural galego, co fin de acadar unha maior integración no entorno e unha regulación territorial máis precisa.

- Guía de boas prácticas de intervención en sistemas praia-duna (2014): documento de referencia para a toma de decisións de intervención

nun espazo de elevada complexidade como son os sistemas praia-duna, achegando unha visión completa do litoral derivada do Plan de Ordenación do Litoral.

- **Guía de Cor e Materiais:** a súa finalidade é establecer unhas guías e directrices técnicas, científicas e obxectivas para a regulación do emprego da cor e os materiais dos revestimentos arquitectónicos nas paisaxes urbanas, rururbanas e rurais. O obxectivo destas pautas é acadar unha axeitada integración paisaxística e contribuír así a unha mellora da calidade dos espazos públicos. Deste xeito, definiranse os tipos de materiais máis recomendables para os diferentes elementos da construción, así como as gamas ou paletas de cores máis congruentes coa contorna na que se vaian empregar. Para



consegui-lo, previamente realizouse unha análise e diagnose de cada unha das doce grandes áreas que establece o Catálogo das paisaxes de Galicia.

- **Guía de caracterización e integración paisaxística dos valados:** inclúe un estudo detallado dos valados nas cincuenta Comarcas Paisaxísticas co obxectivo de concretar uns cri-

terios de calidade que melloren a paisaxe galega, especialmente no ámbito rural, onde os cerramentos teñen unha grande incidencia na percepción da paisaxe. O estudo describe os diferentes tipos de valados tradicionais das paisaxes rurais de Galicia, diferenciados en virtude dos materiais empregados, o uso das parcelas e a localización xeográfica. A guía aborda as tendencias actuais do cerramento das parce-

las rústicas, nunha conxuntura diferente á que deu lugar aos sistemas tradicionais analizados, e establece unha serie de medidas e criterios de integración e minimización de impactos na construción de valados, propoñendo un pequeno número de modelos de valados realizables con novas tecnoloxías e materiais pero acordes coas tipoloxías tradicionais e cunha axeitada integración paisaxística.

2.3

Sensibilización, formación e divulgación da paisaxe

A Estratexia da Paisaxe Galega ten como un dos seus eixos fundamentais a sensibilización, formación e divulgación en materia de paisaxe. En paralelo aos estudos técnicos sobre a paisaxe, creouse un programa didáctico e de difusión das paisaxes galegas.

No eido formativo destaca o programa Paisaxe e Sustentabilidade, integrado no plan de innovación docente Plan Proxecta, liderado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e dirixido aos niveis de educación infantil primaria, secundaria, bacharelato e FP. Este programa iniciouse no curso 2012-2013 e no último curso 2016-2017 participan 28 centros educativos, 256 profesores e 4.467 alumnos en 250 aulas de todo o territorio galego. Este programa pretende fomentar a valoración da paisaxe propia e a cultura da sustentabilidade por parte do alumnado.

As experiencias educativas do programa Axenda 21 escolar de Galicia, do programa 12 meses 12 paisaxes, e posteriormente a posta en marcha do programa Paisaxe e Sustentabilidade, serviron de base para a programación da materia de libre configuración Paisaxe e Sustentabilidade no curso 2015-2016. Esta materia está regulada pola Orde 15, de xullo de 2015, pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. En función da dispoñibilidade dos recursos e da organización, cada centro pode ofertala para dirixila á etapa de educación secundaria obrigatoria, concretamente poderá ofrecerse en primeiro e/ou segundo curso cunha carga horaria dun período lectivo semanal. A materia de Paisaxe e

Sustentabilidade contribúe a traballar o sentido de pertenza do alumnado a unha comunidade, a sentirse parte activa dunhas paisaxes herdadas e a entender que preservar este patrimonio entraña unha responsabilidade presente e futura.

Por outra banda, dentro do proceso de participación pública para a elaboración do Atlas da paisaxes de Galicia, púxose en marcha a iniciativa Somos Paisaxe e a súa web divulgativa (<http://sospaisaxe.org>), a través da cal se difundiron as actividades do proceso de participación pública, se proporcionou formación e divulgación sobre conceptos paisaxísticos e se obtivo información para a elaboración do Catálogo. En paralelo realizáronse actividades de divulgación como rutas e percorridos interpretativos, así como un concurso fotográfico.



[SOMOS PAISAXE](#)
[SER PAISAXE](#)
[BLOG](#)
[CONTACTO](#)

PAISAXES E PERSOAS

Levando a relación entre as paisaxes e as persoas máis aló do estético.

DAMOSCHE A BENVIDA A SOMOS PAISAXE, O PORTAL PARA A IMPLICACIÓN COA PAISAXE DE GALICIA.

SUSCRIBETE PARA RECIBIR INFORMACIÓN DE TODAS AS NOSTRAS ACTIVIDADES, EVENTOS E NOVIDADES E SÉGUENOS NAS REDES SOCIAIS PARA PARTICIPAR DAS ACCIÓNS QUE TEMOS PREPARADAS PARA A TÚA IMPLICACIÓN DIRETA COA PAISAXE DE GALICIA.






SÍGUENOS



SOMOS PAISAXE

Somos Paisaxe é unha iniciativa de divulgación que trata de achegar as paisaxes e as persoas a través do re-collido emento dos elementos que as compoñen, a comprensión das súas dinámicas e procesos e a actuación para posta en valor das áreas competentes que teñen as Paisaxes Galegas.

A PAISAXE

A PAISAXE CALEA

IMPULSORES

AXUDANOS A ASOCIAR CLASES DE PAISAXE



QUE IMAXE REPRESENTA MELLOR A CADA COMARCA PAISAXÍSTICA?

Selecciona desde o mapa



ÚLTIMAS PUBLICACIÓNS



Partidos da afortunados e aos afortunados



Escólle a paisaxe que menos che gusta



Escólle a paisaxe que máis che gusta

OUTRO XEITO DE PARTICIPAR

Joga con nós e diverteite dando resposta nas diferentes apostas de participación.



COMEZA A COMPARTIR NAS TÚAS REDES CO HASHTAG #EUSONPAISAXE E PRONTO PODERÁS PARTICIPAR NOS NÓSOS CONCURSOS

SUSCRIBETE

SIX colaborativo de imaxes das paisaxes galegas

Como medio para continuar co proceso de participación pública, iniciado durante a elaboración do Catálogo das paisaxes de Galicia, e co fin de seguir recollendo a valoración e a opinión da poboación sobre a paisaxe galega, púxose en marcha o SIX Colaborativo de Imaxes da Paisaxe Galega (<http://mapas.xunta.gal/visores/imaxes-paisaxe/>). Trátase dunha ferramenta sinxela, construída grazas á colaboración de toda a cidadanía, e destinada a poñer en valor as paisaxes de Galicia e proporcionar un repositorio de información útil para a xestión da paisaxe.

A través desta web os cidadáns poden non só ver e localizar fotografías da paisaxe galega, tanto actuais como pasadas, senón tamén aportar a súa propia visión e perspectiva da paisaxe galega, enviando e compartindo as súas fotografías. Esta iniciativa pode enmarcarse dentro dun fenómeno recente denominado Información Xeográfica Voluntaria ou Participativa (termo acuñado por M. F. Goodchild no ano 2007 nun artigo titulado “Cidadáns como sensores: o mundo da xeografía voluntaria”), que consiste en utilizar a web para recoller, catalogar, indexar e distribuír información xeográ-

fica proporcionada voluntariamente por persoas.

Esta ferramenta web, que pretende converterse nun espazo virtual e visual de colaboración da cidadanía, ten unha dobre funcionalidade:

- A visualización de fotografías de paisaxes de Galicia xeorreferenciadas, o cal quere dicir que o usuario pode identificar o ámbito xeográfico desde o que foi tomada a imaxe.

- A participación cidadá a través do envío de fotografías para a súa incorporación ao sistema, así como da valoración e caracterización dos diferentes tipos de paisaxes representados nas fotografías.

A aplicación permite, desde un ordenador ou un dispositivo móbil, preparar un documento para poder achegar as fotografías. Mediante un formulario o usuario pode crear un documento en formato pdf, o cal, acompañado da fotografía, remítese por correo electrónico a paisaxesdeg Galicia@xunta.gal. A través do formulario o usuario pode indicar o título da imaxe, o autor, seleccionar o valor máis característico da paisaxe, o lugar de captura da fotografía (obtenese automaticamente ao sinalalo

no mapa web), unha breve descrición da imaxe, a valoración persoal sobre a paisaxe da fotografía e a data da mesma.

Con este sistema crearase un repositorio de información gráfica e documental sobre a paisaxe galega, que resultará de grande utilidade para a xestión e planificación da paisaxe, xa que facilitará:

- A análise das dinámicas paisaxísticas e das causas que deron lugar aos diferentes tipos de paisaxe. O obxectivo é que a xente envíe non só imaxes actuais, senón tamén fotografías históricas, o que permitirá o emprego da “fotografía comparativa”, unha técnica habitual en estudos paisaxísticos, consistente na confrontación de imaxes históricas (fotografías, pinturas, gráficos, etc.) coa vista actual para analizar as transformacións da paisaxe.

- A valoración da paisaxe, co fin de identificar lugares de especial interese a protexer ou ámbitos degradados nos que levar a cabo actuacións de recuperación e mellora.

- A caracterización da paisaxe, xa que o usuario pode indicar o principal valor que, na súa opinión,

posúe a paisaxe representada na fotografía (natural, ecolóxico, cultural, patrimonial, perceptivo, panorámico ou de uso). A partir destes datos poderá analizarse o carácter e os valores paisaxísticos de cada unidade de paisaxe, de xeito similar á análise

de valores paisaxísticos por tipo de paisaxe realizada no Catálogo das paisaxes de Galicia, o cal resulta fundamental para determinar a forma en que debe ser xestionada a paisaxe.

Deste xeito, as achegas da cidadanía contribuí-

rán a unha mellor gobernanza da paisaxe, facendo participe á sociedade na elaboración e revisión dos instrumentos de protección, xestión e planificación da paisaxe establecidos na Lei de protección da paisaxe de Galicia. ■

INFORMACIÓN XEOGRÁFICA DE GALICIA

SIX colaborativo de imaxes das paisaxes galegas

Participar

Serra da Faladoira
2015-3-16
595374.00 - 4821136.00

Serra da Faladoira
2015-3-16
595799.00 - 4821095.00

Serra da Faladoira
2015-3-16
595799.00 - 4821095.00

Alto do Caxado (Serra da Faladoira)
2015-3-16
595530.00 - 4818913.00

Alto do Caxado (Serra da Faladoira)
2015-3-16
596312.00 - 4817745.00

Fervenza de Auga Calda
2015-3-16
603406.00 - 4832860.00

Fervenza de Auga Calda
2015-3-16
603408.00 - 4832877.00

Fervenza de Auga Calda
2015-3-16
603400.00 - 4832882.00

Fervenza de Auga Calda
2015-3-16
603399.00 - 4832895.00

Fervenza de Auga Calda
2015-3-16
603399.00 - 4832895.00

Fervenza de Auga Calda
2015-3-16
603414.00 - 4832909.00

Fervenza de Auga Calda
2015-3-16
603414.00 - 4832909.00

Fervenza de Auga Calda
2015-3-16
603401.00 - 4832880.00

Fervenza de Auga Calda
2015-3-16
603448.00 - 4832879.00

Fervenza de Auga Calda
2015-3-16

Fervenza de Sto. Estevo do Ermo
2015-3-16

Fervenza de Sto. Estevo do Ermo
2015-3-16

Fervenza de Belella
2015-3-16

Fervenza de Belella
2015-3-16

XUNTA DE GALICIA

© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia
Oficina de Rexistro e Información | Sucesións e quebras | Alendemento/a

galicia

3.

OBXECTIVOS XERAIS

A Estratexia da Paisaxe Galega inicia no ano 2017 unha nova fase, tendo o ano 2020 como horizonte de chegada para o alcance dos seus obxectivos. As políticas de xestión e ordenación territorial teñen na paisaxe un dos seus eixos fundamentais, ao conxugar esta as claves da relación da sociedade co territorio, motivo polo que o seu estudo e tratamento constitúe un vehículo fundamental para a planificación territorial. A maiores, o marco normativo galego contempla a integración da paisaxe nas diversas políticas (ambientais, culturais, agrícolas, forestais, turísticas, etc.).

Por outra banda, a paisaxe é unha realidade dinámica, en continuo cambio, polo que as políticas que a xestionan deben considerar esta evolución constante e adoptar mecanismos de seguimento que identifiquen estes cambios e avalíen a eficiencia e os resultados das políticas adoptadas ata ese momento. Por isto, aínda que a planificación estratéxica resulta fundamental

en calquera disciplina, é especialmente necesaria na xestión da paisaxe, polos cambios estruturais aos que está sometida e pola evolución da consideración social da mesma. Ao anterior hai que engadir a necesidade de establecer políticas públicas que incorporen a opinión cidadá, de cara a asentar un modelo de responsabilidade compartida entre administración e cidadanía en relación á paisaxe.

Por todos estes motivos, resulta fundamental o deseño de liñas básicas de actuación que configuren un modelo operativo actualizado, que integre as diversas perspectivas territoriais e teña en conta as achegas da sociedade. Con este obxectivo, neste ano 2017 acométese unha nova planificación da Estratexia da Paisaxe Galega. Unha vez superados diversos obxectivos e fitos da fase anterior da estratexia, o novo horizonte vén definido pola consecución daqueles obxectivos que non acadaron o desenvolvemento desexado e pola definición de novas metas

que xorden dos resultados das etapas anteriores e da evolución do contexto territorial, socioeconómico e institucional, tendo sempre presente o fin último de protección, xestión e ordenación das paisaxes galegas. Deste xeito, os obxectivos para esta nova etapa da Estratexia da Paisaxe Galega son:

1. A gobernanza da paisaxe.
2. A elaboración de ferramentas específicas para a xestión da paisaxe.
3. A mellora e potenciación dos valores paisaxísticos.
4. A formación, divulgación e concienciación en materia de paisaxe.

Cada un destes obxectivos concrétese nas liñas de acción do plan operativo que se describe no seguinte apartado deste documento. Dito plan concreta as ferramentas, accións e medidas a desenvolver para acadar ditos obxectivos.



4.

PLAN OPERATIVO

Os resultados das etapas anteriores da estratexia permiten a implementación de diversos instrumentos xa creados, que serán un punto de apoio fundamental para o establecemento de novas liñas de actuación e a continuación das políticas establecidas. O desenvolvemento dos obxectivos xerais fórmase conforme ao seguinte esquema de liñas de actuación:

OX01. A gobernanza da paisaxe.

- LO01. Directrices de paisaxe de Galicia
- LO02. Regulamento da Lei 7/2008
- LO03. Plans de acción da paisaxe
- LO04. Pactos pola paisaxe
- LO05. Consello Asesor da Paisaxe de Galicia

OX02. A elaboración de ferramentas específicas para a xestión da paisaxe.

- LO01. Guías de boas prácticas e integración paisaxística
- LO02. Plan de seguimento dos obxectivos de calidade paisaxística

OX03. A mellora e potenciación dos valores paisaxísticos.

- LO01. Mellora da paisaxe urbana
- LO02. Mellora da paisaxe nos espazos naturais protexidos
- LO03. Posta en valor das paisaxes culturais e os territorios históricos dos camiños de Santiago
- LO04. Posta en valor dos lugares de especial interese paisaxístico

OX04. A formación, divulgación e concienciación en materia de paisaxe.

- LO01. Programas educativos
- LO02. Investigación, Desenvolvemento e Innovación
- LO03. Divulgación e concienciación

OX01.

A GOBERNANZA DA PAISAXE

A aprobación do Catálogo das paisaxes de Galicia permitiu identificar e caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe galega, así como sentar as bases para a súa protección e xestión. Por outra banda, a elaboración do borrador de Directrices de paisaxe e o inicio da súa tramitación supón o punto de partida para contar cunhas determinacións que permitan acadar os obxectivos de calidade paisaxística.

Unha vez aprobadas as Directrices de paisaxe, o conxunto do Catálogo e as Directrices constituirá o Atlas das paisaxes de Galicia, que será a ferramenta de referencia para acadar unha axe-

tada gobernanza da paisaxe galega, xa que comprende os dous instrumentos que establece a Lei 7/2008 para a ordenación integral da paisaxe en todo o territorio galego. Sen embargo, aínda quedará por aplicar o último instrumento establecido nesta lei, os plans de acción da paisaxe, destinados á protección, xestión e ordenación da paisaxe nos espazos protexidos, así como os pactos pola paisaxe.

Por outra parte, será necesario desenvolver regulamentariamente a Lei 7/2008 para, entre outras cousas, establecer o procedemento de revisión ou desenvolvemento dos catálogos e di-

rectrices de paisaxe, así como crear o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia mencionado no Decreto 119/2016.


LO01. Directrices de paisaxe de Galicia

A actuación prioritaria desta nova etapa da Estratexia da Paisaxe Galega será a tramitación e posterior aprobación das Directrices de paisaxe de Galicia. A aprobación deste instrumento suporá un fito no desenvolvemento das políticas de paisaxe en Galicia, pola súas implicacións normativas, que derivarán en procedementos prácticos, paso definitivo para que as diversas admi-

nistracións públicas integren a paisaxe tanto nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística como nos plans e programas sectoriais, así como nas estratexias rexionais ou locais.

Conforme aos criterios establecidos no marco normativo definido polas Directrices de ordenación do territorio e a Lei 7/2008, corresponde á Consellería competente en materia de medio ambiente a aprobación das Directrices de paisaxe. Unha vez finalizada a fase de consultas públicas do procedemento de avaliación ambiental estratéxica, que tivo lugar entre o 28 de decembro de 2016 e o 2 de marzo de 2017, e emitido o informe ambiental estratéxico procederase á elaboración do documento completo de Directrices de paisaxe para a súa posterior exposición pública durante un período mínimo de dous meses.

As Directrices de paisaxe de Galicia son determinacións que definen os obxectivos de calidade paisaxística para as unidades de paisaxe



recollidas no Catálogo das paisaxes de Galicia. Os obxectivos de calidade paisaxística foron definidos a partir dos resultados dun proceso de participación pública, de xeito que expresan a von-

tade da cidadanía sobre o futuro da paisaxe galega.

O Atlas das paisaxes de Galicia, formado polo conxunto do Catálogo das paisaxes de Galicia e as Directrices de paisaxe de Galicia, servirá de base para os restantes instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe, é dicir, para os Estudos de Impacto Integración Paisaxística, que deberán xustificar a incorporación ao proxecto dos obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das directrices de paisaxe para a unidade de paisaxe correspondente, e para os plans de acción da paisaxe. Do mesmo xeito, será a referencia básica para a elaboración dos informes sectoriais en materia de paisaxe e, tal e como establecen

as Directrices de ordenación do territorio, constituirá un instrumento normativo complementario aos instrumentos de ordenación do territorio.

LO02. Regulamento da Lei 7/2008

O desenvolvemento regulamentario da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia, é un procedemento normativo que corresponde á Xunta de Galicia e que será abordado como un dos avances propostos nesta fase da Estratexia da Paisaxe Galega. Dito procedemento consiste na elaboración e posterior aprobación das diversas disposicións regulamentarias para o desenvolvemento integral dos contidos correspondentes á Lei da protección da paisaxe.

O obxectivo fundamental desta regulamentación será a consecución dun corpus normativo completo no que á paisaxe se refire, facilitando así a labor técnica e os procedementos administrativos derivados, garantindo a seguridade xurídica e os procesos operativos. Entre os aspectos a desenvolver no regulamento destacan o procedemento para a revisión, actualización ou modificación do Catálogo das paisaxes de Galicia e das Directrices de paisaxe de Galicia, así como a aprobación de catálogos ou directrices para ámbitos locais ou comarcais, que especifiquen, concreten e amplíen os contidos destes instrumentos para determinados territorios. Así mesmo, o regulamento describirá con detalle o obxectivo, contido e implementación dos plans de acción da paisaxe.



LO03. Plans de acción da paisaxe

A Lei 7/2008 establece, entre os instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe de Galicia, os plans de acción da paisaxe en áreas protexidas. Unha vez completados algúns dos fitos fundamentais da Estratexia da Paisaxe Galega, aprobado o Catálogo das paisaxes de Galicia e en trámite de aprobación as Directrices de paisaxe, os dous instrumentos integrais de protección, xestión e ordenación da paisaxe que abarcan a totalidade do territorio galego, a nova planificación para o período 2017-2020 contempla o inicio da elaboración e aprobación dos instrumentos de xestión da paisaxe que quedan por implementar: os plans de acción da paisaxe.

O artigo 12 da Lei 7/2008 recolle a natureza destes plans de acción da paisaxe, que deben axustarse ás determinacións do Catálogo e as Directrices de paisaxe. O obxectivo dos plans de acción da paisaxe, como ferramentas de xestión, é o deseño de accións executivas concretas en ámbitos que precisan intervencións, co fin de acadar os obxectivos de calidade paisaxística definidos nas Directrices de paisaxe.

Aínda que o contido e implementación dos plans de acción da paisaxe se desenvolverá regulamentariamente, en xeral, deberán ter en conta as seguintes consideracións:

- Deberán analizar os resultados dos procesos de participación pública realizados para a elaboración do Catálogo e as Directrices de paisaxe

e levar a cabo un novo proceso participativo adaptado ao ámbito territorial e aos obxectivos do plan de acción.

- Un obxectivo prioritario dos plans de acción será a coordinación entre as administracións e os axentes territoriais implicados co fin de acadar un consenso que permita a interacción e a definición de acordos de colaboración entre diferentes entidades.

- Os diversos plans de acción manterán unha estrutura básica similar, independentemente do ámbito de aplicación, co fin de xerar un modelo reproducible que incluíra as seguintes liñas básicas: (i) definición da área de estudo e diagnóstico das problemáticas paisaxísticas da mesma, (ii) proceso de participación pública para a identificación de problemas, definición de obxectivos de calidade paisaxística e avaliación de medidas e accións, (iii) definición de obxectivos de calidade paisaxística, (iv) plan de acción e programación das actuacións e (v) plan de seguimento e indicadores de avaliación.

LO04. Pactos pola paisaxe

Promoverase o primeiro pacto pola paisaxe entre a administración pública e as entidades locais e os axentes socioeconómicos dun determinado territorio, que de xeito voluntario adopten ou promovan accións e medidas para a protección e mellora da paisaxe desa zona. O Pacto pola paisaxe significará un acordo público de compromiso entre as partes asinantes co fin de trasladar a principios e accións concretas a

protección, xestión e ordenación da paisaxe.

LO05. Consello Asesor da Paisaxe de Galicia

O Consello Asesor da Paisaxe de Galicia será un órgano colexiado de carácter técnico e de asesoramento en materia de paisaxe con funcións de colaboración e cooperación entre administracións públicas con competencia no territorio para a promoción e desenvolvemento de políticas comúns, coordinadas e programadas, que poidan ter un impacto directo ou indirecto en materia da paisaxe en Galicia.

Na composición deste Consello Asesor estarán incluídos a administración autonómica, local, as asociacións que teñan entre os seus fins a protección e mellora da paisaxe, as universidades galegas e os especialistas en paisaxe, coa finalidade de que amplos sectores da sociedade se atopen representados na defensa da paisaxe galega.

Este organismo será o encargado de presentar propostas de estudo, de actuacións e de melloras en materia de paisaxe para elevar á correspondente Administración pública ou órgano administrativo competente; servir de foro para a posta en común das últimas iniciativas sectoriais e de investigación de ámbito estatal, europeo e internacional en materia de paisaxe; así como realizar informes, traballos técnicos ou calquera outra actuación en materia de paisaxe que lle requira a Presidencia.

Tamén exercerá de órgano asesor e consultivo da administración pública que o requira, para analizar, con carácter previo á súa implementación, a adecuación de calquera política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe de Galicia; así como prestar o apoio requirido na programación das políticas comúns en materia de paisaxe en Galicia e analizar propostas concretas de actuación e regulación normativa que se lle eleven para o seu informe.

Por outra banda, o incremento de funcións do Instituto de Estudos do Territorio en materia de paisaxe, en especial, a de colaboración e coordinación nesta materia con outras administracións e sectores da sociedade, así como a recente aprobación do Catálogo das paisaxes de Galicia, fan necesaria a creación dun órgano colexiado no que se poidan integrar as administracións públicas implicadas.

A esta realidade tamén hai que engadir a avaliación do estado de conservación das paisaxes de Galicia e a análise da súa previsible evolución, así como a realización de propostas en materia

de paisaxe, que -xunto aos mandatos legais e á necesidade de integrar a consideración da paisaxe nas distintas políticas sectoriais- xustifican a posta en marcha deste organismo que permitirá contar co asesoramento dos expertos nos diferentes eidos do estudo da paisaxe e coa representación daqueles sectores da sociedade que reflictan a percepción da paisaxe existente na poboación; propiciando, deste xeito, unha adecuada coordinación da política en materia de paisaxe na Comunidade Autónoma de Galicia.



OX02.

A ELABORACIÓN DE FERRAMENTAS ESPECÍFICAS PARA A XESTIÓN DA PAISAXE

A normativa e os instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe son necesarios para acadar unha axeitada gobernanza da paisaxe pero deben ser complementados con outras actuacións e ferramentas que contribúan a este fin. Con este obxectivo darase continuidade á Colección Paisaxe Galega e porase en marcha un Plan de Seguimento destinado a avaliar o estado da paisaxe galega e a eficacia dos instrumentos para a súa xestión. Ademais, iníciase o deseño da rede de itinerarios paisaxísti-

cos contemplada nas Directrices de ordenación do territorio.

LO01. Guías de boas prácticas e integración paisaxística

Desde o inicio da Estratexia da Paisaxe Galega estableceuse como unha das principais liñas de actuación a elaboración de documentos de carácter técnico, como guías ou manuais, incluídos na Colección Paisaxe Galega, que teñen como obxectivo o desenvolvemento de criterios

de integración paisaxística para as diferentes políticas territoriais ou sectoriais.

Estas guías ou manuais de boas prácticas configuran unha colección de carácter técnico sobre temáticas paisaxísticas concretas co obxectivo de establecer nocións sobre integración paisaxística en diversos campos de actuación. Estes documentos teñen proporcionado unha función moi valiosa como documentos de referencia para equipos redactores, profesionais e cidadanía en xeral. Á funcionalidade técnica

destas guías cómpre engadir o valor como instrumentos de sensibilización polo seu carácter didáctico e accesible.

O novo horizonte da Estratexia da Paisaxe Galega permite propoñer novas publicacións para esta colección, a maiores das xa contempladas na planificación anterior, sobre temáticas seleccionadas a partir das aspiracións e inquedanzas que a cidadanía expresou nos procesos de participación pública para a elaboración do Atlas das paisaxes de Galicia. As novas guías previstas son:

1. Guía de boas prácticas para as actividades mineiras e extractivas

As explotacións mineiras, canteiras e a extracción de áridos supoñen un activo económico fundamental. Non obstante estas actividades xeran profundas modificacións do territorio que

poden derivar en degradación ambiental e paisaxística. O obxectivo da publicación desta guía é dotar aos profesionais do sector dun conxunto básico de boas prácticas que actúe como marco de referencia para a xestión e mellora da paisaxe resultante destas actividades, e que contribúa a mellorar a aceptación social do sector a través do coñecemento do mesmo.

2. Guía para a elaboración de estudos da paisaxe urbana

De acordo coa determinación 8.6 das Directrices de ordenación do territorio de Galicia, que establece que “o planeamento urbanístico realizará un estudo da paisaxe urbana, prestando especial atención ás tipoloxías edificatorias, aos medianís vistos e aos chousumes, aos materiais das fachadas e pavimentos dos espazos públicos, ás zonas verdes e arboredas, ao mobiliario urbano, á iluminación pública, aos tendidos aé-

reos e ao tráfico e aparcadoiros de vehículos”, é obrigatorio que o planeamento urbanístico municipal realice o estudo da paisaxe urbana, e que aborde, cando menos, as cuestións expresadas nesta determinación, pero non queda establecido nin o alcance nin a metodoloxía para a súa elaboración.

Esta guía terá como obxecto establecer uns criterios e recomendacións para tal fin, para o cal deberá deseñar unha proposta metodolóxica de análise dos aspectos aos que fai referencia a determinación 8.6 das DOT, dos establecidos nas Directrices de paisaxe para este estudo e daqueles outros que se consideren relevantes na conformación das paisaxes urbanas.

Esta guía prestará especial atención aos criterios de intervención na paisaxe da periferia urbana, abordando as dificultades para artellar de forma integrada a trama urbana co espazo rural

inmediato, coa intención de acadar unha correcta integración paisaxística das diversas compoñentes destes ámbitos e evitar problemas de fragmentación.

3. Guía de boas prácticas paisaxísticas no sector forestal

Galicia é unha potencia no sector forestal. A crecente relevancia da superficie arborada de carácter produtivo xera problemáticas con outros usos do solo e problemas de integración paisaxística. A edición desta guía pretende dar criterios e recomendacións para a mellora e restauración paisaxística tanto das grandes plantacións forestais, caracterizadas por unha homoxeneidade da paisaxe, como para as pequenas plantacións forestais, co fin de garantir a súa integración na paisaxe da contorna.

A estas guías hai que engadir as xa contempladas na anterior planificación da estratexia, que deberán abordar a consideración da paisaxe nas seguintes actuacións:

- explotacións agropecuarias
- actividades industriais
- zonas portuarias
- concentracións parcelarias
- estradas e camiños
- sinalización urbana de estradas e camiños
- urbanización e humanización dos espazos públicos

- servizos públicos
- infraestruturas de saneamento
- xestión de bens de interese cultural
- sinalización de elementos de interese turístico

Ademais, segundo o establecido na etapa anterior da estratexia, elaboraranse manuais e guías para o desenvolvemento dos obxectivos de calidade paisaxística establecidos nas Directrices de paisaxe. Trátase de achegar ferramentas para a integración dos obxectivos e determinacións das directrices nas ordenanzas e diferentes documentos normativos.

No primeiro ano desta nova etapa da estratexia publicaranse a Guía de caracterización e integración paisaxística de valados e a Guía de cor e materiais, e iniciárase o desenvolvemento normativo desta última.

LO02. Plan de seguimento dos obxectivos de calidade paisaxística


A entrada en vigor das Directrices de paisaxe de Galicia suporá un paso fundamental no desenvolvemento da Estratexia da Paisaxe Galega. A partir dese momento, o seguimento e control dos obxectivos de calidade paisaxística a través dos indicadores contemplados no propio documento das Directrices constituirá un dos principais obxectivos do novo horizonte da Estratexia.

O documento das Directrices de paisaxe contén unha serie de obxectivos de calidade paisa-



xística e de indicadores para avaliar o grado de desenvolvemento e cumprimento destes obxectivos, que permitirán a posta en funcionamento dun sistema de seguimento e control do estado e evolución dos tipos e unidades de paisaxe. A través deste sistema poderase dar cumprimento á Disposición final segunda da Lei 2/2016, do solo de Galicia, que establece a obriga de que o Instituto de Estudos do Territorio elabore cada catro anos un informe sobre o estado da paisaxe en Galicia, que a Xunta de Galicia presentará ao Parlamento de Galicia. Deste xeito establecerase un instrumento de control e seguimento do cumprimento das Directrices de paisaxe.

Para a posta en marcha e a implementación deste sistema, a Estratexia da Paisaxe Galega contempla, para o período 2017-2020, a creación dun Plan de Seguimento dos Obxectivos de Calidade Paisaxística, a través do cal se avaliará o grao de consecución destes obxectivos e a eficacia e cumprimento dos instrumentos de protección, xestión e coordinación da paisaxe.


O documento de Directrices de paisaxe de Galicia incluírá unha serie de indicadores de calidade paisaxística clasificados segundo os obxectivos de calidade paisaxística que contribúen a avaliar. Porén, o Plan de Seguimento poderá incluír outros indicadores, a maiores dos establecidos nas Directrices de paisaxe, co obxectivo de ir incorporando tanto os avances no coñecemento e nos procedementos de avaliación da paisaxe como a aparición de novos datos ou fontes de información que permitan o



Índice de Shannon agroforestal



Índice de Shannon agroforestal





cálculo de novos indicadores ou o perfeccionamento dos existentes.

Dentro deste plan de seguimento constituiranse Mesas da paisaxe, co fin de crear foros nos que teñan cabida todos os axentes vinculados dunha ou doutra maneira á paisaxe dun xeito transversal. A experiencia das mesas sectoriais celebradas nos procesos vinculados á elaboración do Atlas das paisaxes de Galicia evidenciou a necesidade de establecer unha canle de diálogo aberta entre administracións, axentes

e cidadanía. Os compoñentes das mesas serán representantes de institucións, administracións, organismos, colexios profesionais, asociacións, colectivos e, en xeral, toda aquela persoa ou organización con interese na paisaxe galega, tendo como membros da mesma unha serie de dereitos e obrigas.

A actividade fundamental das mesas será contribuír ao informe de seguimento da situación da paisaxe galega, pero tamén a realización de propostas de actuación á administración. Pode-

rá realizarse unha mesa en cada unha das doce grandes áreas paisaxísticas nas que o Catálogo das paisaxes divide a totalidade do territorio galego, co fin de configurar un marco axeitado para o contacto directo cos diversos axentes e entidades locais con interese na paisaxe.

Os resultados e conclusións destas mesas serán integrados no informe sobre o estado da paisaxe galega que deberá elaborar o Instituto de Estudos do Territorio e que será supervisado polo Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.

OX03.

A MELLORA E POTENCIACIÓN DOS VALORES PAISAXÍSTICOS

LO01. Mellora da paisaxe urbana

1. Plan HURBE

O Plan HURBE nace como resposta á necesidade de humanización das vilas de Galicia e trata de articular unha estratexia de posta en valor das vilas, tanto as grandes como as pequenas, e dos núcleos rurais, que permita crear as condicións propicias para o seu desenvolvemento sustentable e, por conseguinte, para a súa mellora paisaxística.

A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo continuará a execución desta plan no período 2017-2020, o cal contribuirá a unha mellora do espazo público e a unha maior integración social, ambiental e paisaxística dos núcleos urbanos.

2. Lei de rehabilitación

A Lei de rehabilitación e de rexeneración urbana de Galicia, que se tramitará o IGVS neste período 2017-2020, é a primeira lei galega de rehabilitación e ten o obxectivo prioritario de

facер dos elementos propios da nosa cultura arquitectónica factores de revitalización e dinamización de Galicia. Trátase de potenciar a identidade galega e de facer país, promovendo un rural vivo e unhas áreas metropolitanas activas para garantir unha Galicia próspera. Preténdese impulsar medidas para contribuír a mellorar a calidade de vida aproveitando as edificacións existentes, reducindo as necesidades de ocupación de territorio e garantindo as condicións de habitabilidade das vivendas.



A lei busca facilitar a rehabilitación aproveitando o patrimonio construído e respectando o seu carácter histórico cando o teña. Establécese un marco administrativo propicio para a rehabilitación edificatoria e a rexeneración urbana, especialmente nos conxuntos históricos, establecendo normas e criterios para promover a súa sustentabilidade e favorecendo a dinamización e reocupación destas áreas. Deste xeito trátase ademais de fomentar a cultura da rehabilitación, entendendo esta como a concienciación por parte da cidadanía de que, efectivamente, a recuperación e conservación das vivendas é unha necesidade persoal e colectiva e que ademais produce importantes retornos ao conxunto da sociedade.

3. Actuacións directas e axudas para rehabilitación

O Plan rehaVita (Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020) do IGVS establece un conxunto de medidas e axudas de rehabilitación destinadas á recuperación do patrimonio residencial construído que interveñen de forma decisiva na conformación da paisaxe urbana e rural de Galicia. Destínanse a actuacións que teñen como

obxectivo principal a mellora das condicións de habitabilidade das vivendas, pero que ao mesmo tempo inflúen de forma decisiva sobre o seu entorno, xa que unha parte importante das actuacións se realizan sobre fachadas, cubertas e carpinterías exteriores das vivendas e edificios de vivendas, incluíndo nalgúns casos actuacións de urbanización e reurbanización do entorno.

Así mesmo, o IGVS concede axudas aos concellos para actuacións de rehabilitación e adquisición de vivendas para rehabilitar e, por outra parte, actúa de forma directa a través da mellora de vivendas de promoción pública da súa propiedade e da adquisición e rehabilitación de vivendas en conxuntos históricos degradados.

4. Plan de Sendas de Galicia

A Xunta de Galicia é titular de máis de 5.500 quilómetros de estradas, que cumpren unha función fundamental de vertebración do territorio galego para o transporte terrestre. Como unha oportunidade para complementar esta función, formulouse unha estratexia para que estas infraestruturas servisen tamén a outros tipos de transporte non contaminantes, como son os desprazamentos a pé ou en bicicleta: trátase

do Plan de Sendas de Galicia, polo que se están a executar 170 quilómetros de sendas peonís e ciclistas nas estradas autonómicas entre os anos 2016 e 2020.

Estas sendas axudan a integrar unha infraestrutura dura na súa contorna, humanizándoa. Para potenciar este efecto elaborouse unha instrución para o deseño destas sendas que se está a aplicar na redacción dos seus proxectos. Cóidase o pavimento, que se trata de acomodar á paisaxe, cun material natural reforzado para as sendas que discorren por terreos rústicos e con formigón de cor en treitos máis urbanos. Tamén se incorpora, nos casos nos que o espazo dispoñible o permite, unha franxa verde lonxitudinal que separa a calzada da senda, na que se sementan especies herbáceas de baixo mantemento.

LO02. Mellora da paisaxe dos espazos naturais protexidos

1. Instrumentos de planificación dos espazos naturais

Os instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos implementarán determinacións sobre a paisaxe de acordo co esta-

blecido na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade e a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Concretamente, para toda a Rede Natura 2000 establécese como criterio xeral o mantemento e, se é o caso, o desenvolvemento dos elementos da paisaxe que revistan primordial importancia para a fauna e a flora silvestres, como corredores fluviais, sistemas tradicionais de deslinde, ou as masas arboradas autóctonas, xa que resultan fundamentais na migración, na distribución xeográfica e no intercambio xenético das especies silvestres.

Os instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos recollerán especificamente as accións que procedan sobre a paisaxe. Neste sentido, neste período 2017-2020 elaboraranse os seis plans rectores de uso e xestión dos Parques Naturais de Galicia e do Parque Nacional Illas Atlánticas, nos que se recollerán determinacións específicas en relación á paisaxe destes espazos emblemáticos. Do mesmo xeito, desenvolveranse os plans de conservación dos monumentos naturais Fraga de Catasós e Souto da Retorta, que incorporarán unha regulación particularizada da paisaxe.

LO03. Posta en valor das paisaxes culturais e os territorios históricos dos camiños de Santiago

No marco da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, recoñeceuse a figura da paisaxe cultural como o lugar identificable por un conxunto de cualidades culturais

materiais e inmateriais singulares, obras combinadas da natureza e o ser humano, que é o resultado do proceso da interacción e interpretación que unha comunidade fai do medio natural que o sustenta e que constitúe o soporte material da súa identidade. A este obxecto traballárase na incorporación ao Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia das paisaxes culturais do arquipélago de Sálvora así como o territorio da Ribeira Sacra, co obxectivo de establecer medidas específicas de protección, difusión e posta en valor do produto da actividade humana destacable polo seu valor sobranceiro e que promoven tanto as actividades económicas deslocalizadas e ligadas a un desenvolvemento sustentable como propician unha mellores condicións para a cohesión social e a identidade cultural das comunidades que crearon estas paisaxes e que as manteñen na actualidade. O sistema de protección incorporará os mecanismos para facilitar a xestión máis acaída das intervencións e a súa integración ambiental, de tal forma que colaboren no incremento do seu valor.

LO04. Posta en valor dos lugares de especial interese paisaxístico

1. Rede de itinerarios de interese paisaxístico

A determinación 7.3 das Directrices de ordenación do territorio contempla a creación dunha rede de itinerarios de interese paisaxístico e ambiental, que conecte entre si os diferentes elementos de interese paisaxístico, cultural ou natural, e que deberá planificarse a través de


elementos existentes. O percorrido desta rede configurará itinerarios de alto valor paisaxístico, tanto polos seus valores naturais e culturais como polos estéticos e panorámicos, e terá unha función de articulación do territorio.

A rede será deseñada baixo criterios técnicos, aproveitando a densa rede viaria e de sendeiros xa existente, e co obxectivo de poñer en valor a diversidade territorial de Galicia, expresada a través das distintas paisaxes e bens culturais materiais e inmateriais.

Procurarase a coordinación desta rede con outras actuacións da Xunta de Galicia que poidan estar relacionadas. Así, incluíranse na rede as “rutas polas mellores paisaxes de Galicia” deseñadas por Turismo de Galicia. Por outra parte, os itinerarios de interese paisaxístico caracterizados polo seu valor natural ou ecolóxico integraranse na Estratexia de infraestrutura verde de Galicia, actuando como conectores dos lugares “core” de provisión de servizos ecosistémicos.

2. Posta en valor dos miradoiros de interese turístico

Turismo de Galicia, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Consellería do Medio Rural e as Administracións Locais, rehabilitará e porá en valor os miradoiros incluídos no Catálogo das paisaxes de Galicia, definindo ademais as pautas a seguir na súa promoción.





OX04.

A FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E CONCIENCIACIÓN EN MATERIA DE PAISAXE

A posta en valor da paisaxe galega pasa por unha necesaria concienciación da poboación sobre a súa importancia como motor de desenvolvemento socioeconómico e factor de calidade de vida. O compromiso da administración coa paisaxe debe ser convenientemente transmitido, para o cal é preciso establecer un marco de comunicación entre as administracións e a cidadanía que permita unha comunicación bidireccional. A formación en materia de paisaxe é fundamental para xerar un marco de implicación cidadá que repercuta positivamente na consideración social da paisaxe.

Por unha parte, o coñecemento técnico precisa dunha aprendizaxe continua e específica, que debe ser facilitada pola administración pública a través de programas de formación especializados. A formación en paisaxe debe ser regrada nos distintos niveis, introducindo esta materia nos diversos plans educativos. Sen embargo, este necesario coñecemento técnico debe ser complementado co coñecemento da poboación local sobre a paisaxe e coa súa experiencia. Para isto cómpre establecer canles de transmisión que impliquen á cidadanía. Ademais, debe acadarse a concienciación e sensibilización da sociedade civil respecto do valor intrínseco da

paisaxe, a través de actividades de divulgación promovidas polas administracións públicas ou en colaboración con entidades e asociacións privadas.

LO01. Programas educativos

1. Programa Paisaxe e Sustentabilidade do Plan Proxecta

A continuación deste programa de innovación educativa é unha prioridade da nova fase desta Estratexia. A introdución do estado da paisaxe nos primeiros niveis educativos supón unha grande oportunidade de concienciación en relación á paisaxe.



PROGRAMA PAISAXE E SUSTENTABILIDADE

PLAN PROXECTA CURSO 2014 /15

2. Materia Paisaxe e Sustentabilidade

Concibida como materia de libre configuración, a súa continuidade na educación secundaria garantizará coñecementos sobre as paisaxes e a sustentabilidade, xerando ademais identidade e sentimento de pertenza.

3. Grao interuniversitario de Paisaxe

O Grao de Paisaxe supón unha novidade na oferta formativa, froito da colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña e co apoio da Consellería de Cultura e Educación e da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e constituirá o primeiro grao interuniversitario de Galicia cando se poña en marcha no curso 2018-2019. Este grao suporá unha liña pioneira e avanzada na formación e estudo da paisaxe e permitirá profundar no coñecemento e na investigación sobre os diferentes aspectos da paisaxe.

4. Formación de técnicos, guías turísticos e axentes territoriais

A paisaxe está presente no día a día pero non sempre é abordada desde un punto de vista técnico ou profesional. Por elo a Estratexia da Paisaxe Galega propón un programa formativo básico para aqueles axentes que teñan un contacto profesional directo coa paisaxe. O modelo formativo fundamentarase na constitución de convenios con institucións, organismos e asociacións profesionais vinculadas a disciplinas relacionadas coa xestión ou divulgación da paisaxe. Ademais, procurarase a colaboración coa EGAP para profundar na formación da función pública en materia de paisaxe.

LO02. Investigación, Desenvolvemento e Innovación

1. Congreso internacional sobre paisaxe

A realización dun congreso internacional de paisaxe en Galicia é un dos obxectivos da Estratexia Galega de Paisaxe desde a súa formulación inicial. O congreso permitirá coñecer a vangarda da investigación en canto a paisaxe se refire, significando unha grande oportunidade para o intercambio de coñecemento e experiencias con investigadores e expertos de ámbitos diversos.

2. Convenios de investigación

Galicia conta cun amplo bagaxe na investigación relativa á paisaxe, que ten sido estudada por numerosos e diversos grupos de investigación vinculados a diferentes disciplinas. A intención do Instituto de Estudos do Territorio é aproveitar esta circunstancia e establecer acordos cos diversos grupos de investigación, fundacións e organismos para acadar unha relación fluída de intercambio de datos e coñecemento en relación á paisaxe.

LO0.3. Divulgación e concienciación

1. Web e repositorio da Paisaxe Galega

A través dunha web e un repositorio online tratarase de centralizar a base documental vinculada aos diversos estudos sobre paisaxe de Galicia. A mellora da accesibilidade a esta información facilitará o achegamento da sociedade ao estudo da paisaxe, resultando de grande utilidade para a labor de investigadores, técnicos e todo aquel con interese no estudo da paisaxe.

Os contidos deste sitio web incluírán todos aqueles derivados da Estratexia da Paisaxe Galega, ademais de accesos aos demais vehículos de información creados; SIX colaborativo de imaxes da paisaxe galega, repositorio bibliográfico, Camiñando na Paisaxe, etc.

2. Programas de voluntariado e custodia do territorio

Organizarase un programa de voluntariado que se nutra da rede de asociacións e colectivos xa existentes en colaboración co voluntariado galego. As actividades vincularanse preferentemente ás entidades ecoloxistas ou de custodia do territorio existentes en Galicia, polo seu papel directo na xestión da paisaxe.


3. Exposición itinerante sobre o Catálogo das paisaxes de Galicia

Un dos resultados da iniciativa de difusión Somos Paisaxe foi unha exposición sobre o Catálogo das paisaxes de Galicia, que ao longo do ano 2017 se desprazará a diferentes localizacións ao longo do territorio galego para amosar a xénese

e os resultados do proceso de elaboración do Catálogo. A instalación da exposición poderá ser solicitada por aquelas asociacións e colectivos que así o desexen, tendo como obxectivo a difusión dos traballos realizados e da continuidade das tarefas, baixo a premisa de divulgar e facer visible a paisaxe como eixo da xestión territorial.

4. Outras iniciativas de divulgación

Deseñaranse e poranse en marcha, en colaboración con outras organizacións ou institucións, iniciativas innovadoras e diferentes para a concienciación sobre a importancia da paisaxe e os valores ambientais. Estas iniciativas poderían incluír a instauración do Día da Paisaxe Galega, que servirá para poñer de relevancia as carac-



terísticas diferenciais da paisaxe galega, achegando á sociedade o seu coñecemento. Para elo procurárase a colaboración con diversos colectivos profesionais vinculados á paisaxe, co fin de organizar diversos actos simultáneos de interpretación e posta en valor da paisaxe (encantos, percorridos de interpretación paisaxística, etc.).

Outra posible actividade estaría vinculada ás prácticas de ocio ao aire libre, que permiten unha vivencia directa das paisaxes, e que podería denominarse Camiñando na paisaxe. Para elo debería colaborarse con empresas organizadoras de rutas, que consideren a paisaxe como un dos seus activos principais, facendo dela a temática central dos eventos ofertados e apro-

veitando os mesmos para a difusión e divulgación da paisaxe galega. O desfrute da paisaxe é a forma máis directa de acadar unha concienciación sobre a necesidade de protexela, sendo ademais o marco idóneo para o seu coñecemento e valoración.



5. SIX colaborativo de imaxes das paisaxes galegas


Neste caso os esforzos irán dirixidos á difusión e á integración en redes sociais do sistema existente, así como á mellora dos procedementos para a introdución da información co fin de facilitar o seu uso aos potenciais usuarios. A continuidade desta iniciativa precisará de difusión para que novos participantes sigan realizando

aportes. Por outra banda, procurarase ampliar o fondo de imaxes históricas mediante a colaboración con institucións, organismos e particulares que contén con información deste tipo.

6. Marca Paisaxe Galega

Paisaxe Galega actúa como marca de calidade desde os inicios da Estratexia da Paisaxe Galega. Nesta nova etapa será fundamental darlle un novo pulo á creación de marca a través dunha maior difusión da mesma e da creación dunha serie de recursos para a súa expansión comomarca. Para elo será necesario a creación dunha identidade corporativa a través dun deseño e imaxe que axude a dar visibilidade á marca Paisaxe Galega.





7. Premios da Paisaxe Galega

A convocatoria dos premios da Paisaxe Galega contribuirá tanto á difusión da marca Paisaxe Galega como ao recoñecemento das boas prácticas paisaxísticas dos diferentes sectores da sociedade. Neste senso, os premios actuarán como certame de boas prácticas e constarán de varias categorías, co fin de poñer en valor as intervencións de diversa índole que teñan suposto unha mellora da paisaxe.

O premio consistirá na concesión da Marca de calidade Paisaxe Galega, de tal xeito que os vencedores poderán utilizar o lema e o logo nos seus produtos, facendo así explícito o seu compromiso coa paisaxe e a súa contribución á calidade de vida da poboación. As diferentes categorías poden versar, entre outras, sobre actuacións dos sectores produtivos (agrícola, gandeiro, forestal, extractivo, turístico, etc.), exemplos de integración paisaxística ou de boas

prácticas en materia de arquitectura, urbanismo e ordenación do territorio, actividades de investigación e innovación ou iniciativas artísticas (cine, literatura, fotografía, etc).

8. Premios Galicia Parabéns

Estes premios outorgados por Turismo de Galicia teñen como obxecto o recoñecemento institucional e social ás iniciativas destinadas a conservar, mellorar e embelecer as paisaxes, os núcleos poboacionais e os Camiños de Santiago dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

9. Premios de Arquitectura e Rehabilitación

O IGVS convoca, con periodicidade bienal, os Premios de Arquitectura e Rehabilitación de Galicia co obxectivo de incentivar unha arquitectura de calidade tanto en proxectos de obra nova como en rehabilitación, nos que unha das categorías premia a arquitectura sostible. ■

ESTRATEGIA DA

PAISAXE GALEGA



PLANIFICACIÓN
2017-2020